

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18537** *Real decreto 1634/2011, do 14 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1424/1983, do 27 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a obtención, circulación e venda do sal e salmoiras comestibles.*

O Real decreto 1424/1983, do 27 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a obtención, circulación e venda do sal e salmoiras comestibles, establece as denominacións dos distintos tipos de sal e o contido mínimo en cloruro sódico.

Non existe normativa harmonizada na Unión Europea sobre o sal e as salmoiras comestibles, aínda que si son aplicables diversas disposicións comunitarias de carácter horizontal, relacionadas con alimentos en xeral, que non inciden na denominación nin no contido de cloruro sódico do sal.

A actual norma española exíxelle ao sal un contido mínimo en cloruro sódico do 97 por cento. Porén, no mercado comunitario existe un sal mariño, para uso directo do consumidor final, cun contido lixeiramente inferior en cloruro sódico, debido ao proceso de obtención e elaboración, procedente, fundamentalmente, de salinas con trazado tradicional e obtido con artes non industriais.

Este sal mariño, cun contido mínimo de 94 por cento en cloruro sódico, está recollido na lexislación dos países veciños, Francia e Portugal. A súa inclusión na normativa nacional permitirá ao sal obtido en España competir en igualdade de condicións para ese tipo de sal. Ademais, contribuirá ao mantemento e desenvolvemento das salinas non industriais, cos beneficios ambientais que supoñen estas explotacións.

Con esta modificación dáse cumprimento á moción aprobada pola Comisión de Medio Ambiente, Agricultura e Pesca do Senado, na súa sesión do día 20 de abril de 2010.

No proceso de tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto foi sometido ao procedemento previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, e dos ministros de Industria, Turismo e Comercio, e de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1424/1983, do 27 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a obtención, circulación e venda do sal e salmoiras comestibles.*

O Real decreto 1424/1983, do 27 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a obtención, circulación e venda do sal e salmoiras comestibles, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 modifícase da seguinte forma:

a) O número 2 queda redactado da seguinte maneira:

«3.2 Sal mariño.–É o sal procedente da evaporación da auga do mar.

Cando se obtén exclusivamente pola acción do vento e do sol, recollido á man e lavado só no cristalizador, sen a adición de ningún ingrediente, pódese denominar "sal mariño virxe".

Cando a capa flotante do sal cristalizado na superficie da auga dos cristalizadores, formada exclusivamente pola acción do vento e do sol, se recolecta manualmente e sen lavar nin lle sumar ningún ingrediente, pódese denominar "flor de sal".»

b) O número 4 substitúese polo seguinte:

«3.4 Sal refinado: é o sal xema, o sal de manancial ou o sal mariño, excepto o sal mariño virxe e a flor de sal, purificado por lavado ou tamén por disolución seguida de cristalización. Se esta cristalización se leva a cabo ao baleiro, denominarase "sal vacuum".»

Dous. O artigo 13 modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo 1 do número 1 queda redactado da seguinte maneira:

«13.1.1 Cristais brancos, inodoros, solubles en auga e con sabor salino franco, excepto a flor de sal, que ten sabor salino non franco.

Os grans da flor de sal pódense disgregar e romper facilmente por simple presión dos dedos. O tamaño do gránulo é inferior aos 3 milímetros.»

b) O parágrafo 3 do número 1 queda redactado da seguinte maneira:

«13.1.3 O contido de cloruro sódico non debe ser inferior ao 97 por cento da materia seca, con exclusión dos aditivos, a excepción do sal mariño virxe e a flor de sal, que pode conter como mínimo un 94 por cento. Para o sal mariño virxe e a flor de sal o defecto en cloruro sódico non será consecuencia do aumento dos residuos insolubles.»

Tres. Incorporárase unha disposición derradeira única coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira única. *Recoñecemento mutuo.*

Os requisitos da presente regulamentación non se aplicarán aos produtos legalmente fabricados ou comercializados de acordo con outras especificacións, nos outros Estados membros da Unión Europea, nin aos produtos orixinarios dos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), partes contratantes no Acordo do Espazo Económico Europeo (EEE), nin aos Estados que teñan un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea.»

**Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e da sanidade, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO